

# Castelao i a tradición galeguista

Discurso lido o día 5 de outubro  
de 1963 no acto da súa recepción,  
polo excelentísimo señor don

**Ánxel Fole Sánchez**

e resposta do excelentísimo señor don

**Sebastián Martínez-Risco Macías**



REAL ACADEMIA GALEGA







# Castelao i a tradición galeguista

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 5 de outubro de 1963  
no Salón de Actos da  
Real Academia Galega

Edita  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

# Castelao i a tradición galeguista



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015



Discurso do excelentísimo señor don  
Ánxel Fole Sánchez







## Señores académicos:

Permitídemme que eiquí, neste intre, tan solemne e tan importante pra min, comence falando de min mesmo. Eu son un home recolleito, dado á lectura, á meditación i ó oficio de escribir. Cando escribo, e tamén cando non escribo, penso e soño en Galicia. Imaxino a Galicia. No meu espírito o desexo camiña diante da realidade. O desexo, o bó desexo do fillo que mira con amor apaixonado prá nai, distráeme doutros mesteres máis inmediatos e práticos. I eisí, nisa contempración, de vagariño, en silencio ilustrado pola amizade, decorre a miña vida. Son, pois, home pecho cara o mundo que cai lonxe do cotián. Imaxinade entón a miña sorpresa ó saber que vós, esgrevios homes de letras, tiverades a xenerosidade de vos lembrar de min pra me tragner a compartir convosco as altas tarefas culturás da Real Academia Galega.

A sorpresa axiña se tinguíu de fonda e auténtica emoción. É moi honroso pertencer a esta ilustre Corporación. I eu vexo, na vosa elección, o premio, o valiosísimo premio, á laboura cativa que eu fixen e fago na creación literaria do noso país. Á cuantía do premio corresponde respostar ca calidade i a forza da propia obra. Tede a seguranza absoluta de que eu esforzareime, de agora en diante máis que nunca, por acrecer i elevar todo o que vaia saíndo da miña pruma. Penso que eisí, soio eisí, me sentiréi a gusto na vosa compañía. E que soio eisí poderá esta historica e groriosa Academia recuperar a graciosa i elegante donación que hoxe me fai.

Traballar intensamente no eido propio pra honra i escrarecemento da nosa Terra. A fin de contas, ¿qué outra cousa fixo o ilustre antecesor meu no sillón que vou a ocupar?

Don Manuel Casás Fernández representa na adicación a Galicia un esforzo contínuo e sin desánimos. É a súa, unha longa vida –91 anos– co espírito en meritoria alerta vixiante pra que certos e concretísimos valores, individuais ou coleitivos, se non derramasen no río do esquecemento ou se non perderan no bosque, sempre ameazante, da incomprensión e da esterilidade.

Foron moitas e moi variadas as aitividades de D. Manuel Casás Fernández. Prestixio eminente e indiscutíbel do foro, orador brillantísimo, escritor de ampla e diversa produción, orgaizador de aitos púbricos e homenaxes que hoxe consideramos de dimensión histórica – v. gr. a coroación de Curros Enríquez, a Festa da Poesía Galega e a Festa dos Cantos Rexionales –, fundador do Instituto de Estudos Gallegos, xestionador dos monumentos a Pondal, a Concepción Arenal e a Rosalía Castro, sería interminábel a simple enumeración de todas as manifestacións culturais nas que o meu esgrevio antecesor tivo principal e esencialísima parte. Con todo, hai dous aspectos da espritoalidade de don Manuel Casás que eu non quero deixar sin o resalte axeitado.

O primeiro, os seus libros. Aparte das producións xurídicas que no seu tempo acadáronlle grande sona profesional en Galicia e fora de Galicia, lembremos no terreo do ensaísmo a *Monografía sobre la poesía popular de Galicia*, premiada no Certámen Literario de Pontevedra de 1892. O *Ágape y la revolución priscilianista de Galicia en el siglo IV*, que mereceu unha carta-prólogo de D<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán. *As Pláticas y crónicas. Apuntes literarios. Impresiones de viaje. Notas sociales. Algo de Galicia* (La Coruña, 1904). *Concepción Arenal. Su vida y su obra* (Madrid, 1936). *Un gallego ilustre. Don Ramón de la Sagra* (La Coruña, 1945). *Páginas de Galicia. Notas históricas y literarias* (La Coruña, 1950). E, derradeiramente, *Episodios Gallegos*, publicado polas Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. Veleiqué unha escolma de traballos que abondaría de seu pra enaltecer a calisquera escritor de boa lei. En todos eles domina unha constante harmonía entre a soltura e brillantez de estilo e a sólida riqueza de erudición e de doutrina.

O segundo aspecto da espritoalidade de Don Manuel Casás véxoo eu na súa singular significación como Presidente desta Real Academia. Non foron os tempos en que il a rexú tempos de bonanza e acougo, tempos de vagar pró labor fecundante da intelixencia. Moitas e graves urxencias comprimían a vida colectiva. Il, home de corazón e pensamento prácticos, soupo gobernar con serenidade e altura de miras a interna estrutura e o axeitado funcionamento desta nobre Corporación. E por eso a Academia, que todos respeitamos e amamos, conqueirú continuidade temporal. Sin esa continuidade toda a tradición académica, tan trascendental, teríase derrubado. A Academia foi, polo menos, nun senso moi efectivo, feitura esceucional de don Manuel Casás Fernández ¡Qué grande, qué lexítimo tíduo de gloria!

I eu, agora, veño a recoller unha parte valiosa do herdo que il deixóu. Fago votos porque o meu traballo poida acrecer, si posíbel for, o valioso e sagro

patrimonio. E porque a Real Academia Galega siga viero adiante no seu labor de eisaltación real e ideal da real e da ideal Galicia que todos os seus fillos levamos acariñada nos recunchos do noso corazón.

## CASTELAO I A TRADICIÓN GALEGUISTA

Xa fai ben anos que turraba por min a teima de escribir algo sobor de Alfonso Rodríguez Castelao i a tradición do galeguismo apareladamente. Algo craro, preciso e tamén oportuno.

Se mal non recordo, a primeira vez que o sentira falar fora ante un fato de amigos, nun café de Santiago, unha outoniza noite de barbañada do ano 30.

E fórame moi simpático pola súa facha sin fachenda e pola súa voz. Pola súa voz, tépeda e doce, que non estaba nunca lonxe do sorriso nin das bágoas. A voz ideal pra un gran humorista galego, sentimental e tenro. As gafas, o chapeo, a chalina e mailo vestido mouro do xenial humorista parecían penduradas dela.

E con aquela voz tépeda e doce decía sempre cousas sinxelas, fondas e graciosas arredor da Galicia, as súas incomparabres “Cousas galegas”, dibuxadas i escritas, que deixaban tan longo rastro no meu esprito.

Decateime entón de que a miña comprensión de Galicia sería sempre moi achegada ás súas “Cousas”. Nunca esquencín a impresión dos meus primeiros contaitos ca súa rexa persoalidade.

O primeiro cadro que eu vin do gran escritor de Rianxo fora aquela belida pintura tidoada “Terra de Lobos”, esposta nunha esposición coleitiva do Pabellón da Ferradura. Quedaba fora dos grandes temas de Castelao, mais impresionoume vivamente. I eu levei sempre o relembro de aquela pintura nos meus viaxes polas aspras montañas luguesas.

Por aquela tempada leera *Cousas* e *Cincoenta homes por dez réas*. Atopábame con un xenial humorista. Con un humorista como eu pensara que debía sere un xenial humorista galego. E cando puiden contemplar o album *Nós* eu tiven o estremecemento que din que ven candia as grandes revelacións. Vino por primeira vez no estudio do pintor Carlos Maside. Aquela Galicia que me amostraban as fermosas estampas estaría presente, por días de vida, nas miñas

cavilación sobre a nosa terra. Unha Galicia dramática con arelas de liberdade e máis dinidade, chea de dolor e de gracia. Alí estaba o noso gran humorista co seu xeito propio, co seu estilo, quentura, fondura e gracia, decindo cousas firentes, aspras i entrañabres. *Nós*. Eisí eramos *nós*, espranzados e sofrintes. A revelación da máis auténtica Galicia.

E xa non piden adepartar da miña imaxe de Castelao o dibuxante do escritor, nin o escritor do orador ou parlicador. Era sempre o mesmo il, o noso meirande humorista, coa súa terra gravitándolle no corazón.

Recordo agora un seu discurso, nun gran mitin no Mercado de Lugo, onde anticipara ou repetira un feliz dito irónico do seu famoso discurso das Cortes Constituintes, ó gallo da defensa da cooficialidade dos idiomas rexionás... “Estaba eu deitado nun prado da Bretaña e ouvín asubiar un merlo e despois cantar unha cotovía, i eu dixen: os probes animalións de Deus xa teñen a linguaxe universal, pola que tanto suspiran os homes”.

E tamén fora en Lugo, no aito do homaxe que se lle rendira no vrao do 32 cando dira aquela definición humorística da súa radical galeguidade: “Considérome galego químicamente puro, infusibre ó soprete e inatacabre polos ácidos”. Sen decilo definíse tamén como un galego popular, tal como aparecía nas súas obras. A Galicia de Castelao é sempre o pobo galego.

E pouco tempo despois publicábase *Retrincos* e *Os dous de sempre*. Nun café de Santiago escoitara eu unha lectura de algús capídoos da comedia que, anos pre diante, chamaríase *Os vellos non deben de namorarse*.

I a derradeira vez que fai con Castelao foi en Lugo unha tépeda noite dun mes de vrao do ano 36.

Mais pre min xa era un gran escritor e máis un craro e conmovedor exemplo de galego galeguista.

\* \* \*

Eu xa era tamén galeguista. Un día calquera, decateime de que o era. Por aqueles anos do vinte e tantos e do trinta e tantos, había moitos fatos de rapaces e persoas de idade galeguistas. E todos, penso eu, viviamos espritoalmente mergullados nunha lus de espranza. Coela coído que viviamos o abrente da realización dun soño de todos. Os tempos eran chegados, ou pouco menos. Un

outimismo sempre ousado daba a máis confortante folganza ós ánimos. Eramos “Nós”, decíamolo con orgullo e con arelas de labor. Traballariamos pra Galicia. Considerábamonos partícipes da gran laboura xeracional encomenzada polos precursores románticos.

Todos eramos sabedores de que o galeguismo era unha fermosa, heroica e fecunda tradición. Nós estábamos ben dispostos pra garantir a súa continuidade. A palabra “nós” resoaba a feito i arreo nos nosos ouvidos. Unha palabra proposta por Castelao pra sere cruño e rubro da laboura dunha xeneración. Leíamola decote na portada da revista cultural máis prestixiosa que Galicia tivera. ¡Unha revista escrita totalmente en galego! ¿Podería haber cousa máis nosa? Os cinco centos de exemplares da súa edición espallábanse por todos os eidos culturás galegos.

O grupo xeneracional que a fundara chamábase tamén “Nós” e faguía moi ben. Por unha mao e con unha mao, estaba a descubri-lo novo; e pola outra e ca outra afirmaba o noso. A nosa paisaxe, o noso folklore, a nosa música, a nosa poesía, o noso humorismo. Daquela hora de mañanceiro outimismo todos gardamos unha sagra lembranza.

Pubricábanse arreo libros galegos. Empezábase a falar de unha nova pintura galega. O galego empeza a entrar nos centros culturás oficiás ou privados polo gran prestixio que iban adequirindo os conferenciantes en galego. Otero Pedrayo, Vicente Risco, ou Alvaro das Casas daban conferencias en galego varias veces ó ano, ante un púbrico moi positivamente interesado. A pintura galega de Maside, Colmeiro ou Souto, coma a escultura de José Eiroa, chamaba fondamente a atención nos medios máis cultos de Galicia. Hasta se falaba da próxima realidade dun cine en galego. Todos eramos de conformidade de que viviamos anos prósperos e promisoires pra unha gran cultura galega. Por eiquí e por eilí xurdían amosas de tal feito. A tradición cultural galega rendía os seus froitos. A árbore estaba apiñocada. Os temas e probremas galegos propiamente interesaban máis que nunca ó meirande número de persoas que hasta daquela se rexistrara. Algo semellante poderíase decir do número de lectores de libros galegos.

Pubricábanse libros de contos, novelas, obras de teatro, libros de versos, ensaios, etc.

*El Pueblo Gallego* falaba decote distes libros en galegos, con Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao, Cabanillas, Antón Villar Ponte e Noriega. Os outros periódicos falaban con moita menos frecuencia. Algunhas revistas intelectuás

eran bilingües, como fora *Ronsel* ou como eran *Yunque* e *Resol*. Aparecían cada ano novos poetas e prosistas. Os poetas Aquilino Iglesia Alvariño e máis Alvaro Cunqueiro e tamén o poeta e crítico Carballo Calero, i o prosador i orador Fernández del Riego. O meirande número de lectores en galego contábanse xa entre os mozos. Dous libros de outros novos adequiriran ampria resoancia naquiles anos: o ensaio *La Saudade y el Arte en los pueblos célticos*, de Plácido R. Castro, e o libro de contos de Rafael Dieste *Dos Archivos do Trasnó*. Os dous poetas que estaban de moda eran os malogrados Manuel Antonio e Amado Carballo. Tamén empezaban a chamar a atención aló polo ano 35 algúns poemas en galego de Luís V. Pimentel.

O galeguismo adequiría cada vez maior volume. “Nós”, a editorial galega de Ánxel Casal, publicara no ano trinta e cinco *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Os máis novos poetas galegos reloucaban co entusiasmo por iste tributo rendido á nosa língoa polo gran poeta andaluz. En varias vilas galegas, Rianxo, Chantada ou a Cruz do Incio, representábase teatro en galego por fatos de afeizoados. De outra banda, aquil inesquecible Seminario de Estudos Galegos, que funcionaba en Compostela, levaba a cabo unha laboura cultural altamente meritória. As súas publicacións iban parar ás bibliotecas dos estudiosos, onde acadaban a categoría de obras de consulta. Monografías como *Terra de Melide* sinalaban datas na investigación galega.

O galeguismo tiña “proieuto”, o que se di. Un amplo programa de realizacións prós anos vindeiros. Era unha tradición con futuridade.

Mais a meirande batalla inda estaba por reñer: a rehabilitación do galego como língoa culta.

Xa se empezaba a entendere que a propia literatura galega era a escrita en galego, nin máis nin menos.

Esta tradición do galeguismo viña de moi lonxe. Aparexado coa loita pola fala. Nacera cando renacera a nosa literatura vernácula.

Despois dun silencio de sigros. O galego quedara reducido a unha língoa puramente dialeital. Unha língoa sin cultivo escrito, sin literatura. E ista renace románticamente i en verso. Renace coa poesía.

Con Rosalía, o galego falado e popular convírtese nunha fermosa língoa poética. Non podía renacer con millor sorte. Rosalía faina apta pró menester lírico. O seu estro caudal fai prenamente da língoa popular unha língoa poética. Imprímelle o seu cruño xenial. O galego volta a sere –ditosamente– fala de


trovadores. Reanúdase unha tradición interrompida por un caborco de silencio de catro sigros ¿e il habería un meirande milagre na renacencia de calquer literatura? Toda unha literatura empeza coela. Somentes por eso xa sería a xenial Cantora do Sar unha das máis insiñes mulleres da Historia. Si por ela non for as trovas do Mendiño ou de Xoan de Requeixo seríannos cuasemente alleas. Inda hoxe non valoramos ben os galegos a grandeza diste feito. Rosalía rescata i anova. Os seus dous libros de poemas galegos, comprometen a xeneraciós e xeneraciós...

Como di Ramón Piñeiro no seu interesantísimo ensaio de homaxe a Otero Pedrayo, “o milagre consiste en que Rosalía, en lugar de crear unha lingoaxe poética persoal como a creóu, por exemplo, Pondal, o que fixo foi, nin máis nin menos, escribir a súa propia poesía na língoa oral do pobo. Demostróu que o galego falado, a língoa cotián do pobo traballador, servía pra espesar o máis puro lirismo, pra refrexar os máis enxeles matices sentimentás, pra traducir as máis fondas vivencias íntimas”.

A lingoaxe rosaliá non é literatura sinón popular. Nona ripóu dos libros, dos textos versás, senón da entrana espritoal do pobo. Dos agros, das lareiras, das solainas. É a súa unha fala mariñeira e campesiña. E coela chegou ós máis altos cumios líricos. Por eso os futuros historiadores da nosa literatura, ó falar da súa renacencia terán que decir: “no principio era unha muller”. E por eso tamén os futuros historiadores do movemento e tradición do galeguismo terán que decir: “no principio foi o pobo”. O pobo estivo presente na obra de algunhas das máis esgrevias figuras da literatura galega. Estivo –na forma que levamos dito– en Rosalía. Había de estar tamén presente na obra de Curros e máis na de Castelao.

Como di Ramón Piñeiro, no seu citado estudio, o galego de Eduardo Pondal é meditado e refreivo. Pola contra, o galego de Curros sigue sendo esencialmente galego falado como o de Rosalía. Galego vivo de feiral e romaría.

Por obra distes grandes bardos na nosa literatura esperguízase a concencia de Galicia. Esperta dun sono secular. Esperta do xeito máis fermoso, ledó e promisor: esperta na súa língoa propia. Canta xa cando rompe a falar. O seu primeiro insino recíbeo en verso. Pra que lle quede pra sempre na memoria. A primeira leición é a da súa fala na súa mesma fala. O seu primeiro deber será o de conserva-la. Un pobo que deixa perder a fala que il creóu nunca poderá sere un pobo superior nin tan siquer diño. A fala propia é sempre un tesouro espritoal. O cruño máis imborrábel da persoalidade coleitiva. Muito máis





diferenciador que a color do cabelo ou dos ollos, que a altura da talla... Polo menos, cantar e cantar na língoa nativa. Galicia iba aprendendo a decir “Nós”...

Sendo eu neno asistín de casual a un mitin das Irmandades da Fala. Traguía os libros de latín debaixo do brazo. Fora en Lugo –no cine chamado “Lugo-Salón”– unha tarde pola postura do sol, nun día chuvioso do San Martiño. O escenario estaba ateigado de señores moi ben vestidos. Algús diles levaban polainís da color da cinza.

Chocoume moito sentilos predicar en galego. Falaban como falaría o señor Antón de Triacastela si iste for home de estudos ¡Qué ben falaban! Había un pequeniño, de lentes; outro grosa e preto, con raia no medio do pelo; outro, enxoiito i esguío; outro, falando con voz moi grosa. Anos despois soupen que aqueles señores se chamaban Vicente Risco, Banet Fontenla, Luis Peña Novo, Antón Vilar Ponte... Despois de rematar de falar o derradeiro orador puxéronse todos de pé e cantaron o himno a Galicia, ó pé dunha bandeira branca e azul ¡A bandeira de Galicia!

Gustárame moito o que cantaran anque eu nono entendía ben. Gustáronme especialmente aqueles catro versos que din:

Os bós e xenerosos  
a vosa voz entenden  
e con arroubo atenden  
o voso rouco son...

¿Quénes era os bós e xenerosos? ¿E de quén era aquela voz? Os catro versos quedáranme na memoria e foron xermolando, xermolando... Poucos anos despois collía o sentido inefabre de aqueles versos: a mensaxe sempre renacente do zoar do vento nas polas i o rombar do río. O primeiro qui é Galicia é a súa paisaxe. Os bós e xenerosos son os que se decatan desta mensaxe. Galicia é a terra galega.

E soupen, anos máis tarde, do amplo movemento de rehabilitación da nosa fala desenrolado polas Irmandades da Fala, iniciado polo escritor de Viveiro Antón Vilar Ponte, e seguido por Porteiro Garea, Lousada Diéguez, Cabanillas e moitos outros.

Daquela estíbese a formar a prosa literaria galega. Os antecedentes non eran moitos nin de moito valor. Quenes lle dan pulo son os escritores da cha-

mada xeneración “Nós”, que adveñen por aqueles anos á vida púbrica. Os máis esgrevios son Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, citados por orde de idade. Os tres derradeiros son os tres grandes creadores da moderna prosa literaria galega.

Os tres se mostran como comprometidos tácitamente nesta inxente tarefa. Porque todos tres cultivaron todolos xéneros literarios. O conto, a novela, o teatro, o ensaio, o artigo, a oratoria didáctica e maila política. O verso queda pra Ramón Cabanillas, o único poeta feito e dereito do grupo ou fato xeneracional. Moitos anos arreo traballan cheos de folgos na común laboura que se impuxeron de dar unha prosa diña á literatura galega. Hoxe ben vemos, despois de tantos anos, que era este o siño de todos iles. E traballan tamén con presa como si tiveran medo de que lles fuxira a vida antes de rematala tan urxente i honrábel tarefa colectiva. Con presa que, por veces, derrama a súa obra ou a deixa sin madurecer abondo.

E nas súas páxinas a prosa galega verdega e florea. A prosa de Vicente Risco era crara e precisa; ás veces, enxoita. Unha prosa ideal pró ensaio didáctico. E Risco é o gran didáctico do grupo. O que define, esprica e orienta. Otero Pedrayo é o meirande estilista de toda a prosa galega. “Prosa barroca”, din por ahí... ¿E por qué non? Mais dun barroquismo dinámico, non estático. Unha prosa sempre de “fala”, de palabra viva, que remanece a cachón. Cando lemos as páxinas pedrayanas, mesmo parece que estamos a escoitar un dos seus incomparabres discursos.

Os escritores de “Nós” díronlle a Galicia a outra metade da súa literatura, sin máis e sin menos: a prosa. En pouco máis de quince anos.

Nos somos sabedores de que outra literatura rexional tivera outro regalo máis valoroso.

Mais outramente, de par da literatura medróu tamén outro tanto o galeguismo. Xa non é galeguismo literario ou político somentes. Amprifícase notablemente a concencia de Galicia. Quere abranguer tamén a historia, o folklore, a pintura, a filoloxía. Adequire intrés científico polas propias custións. Faise cultural, vaise europeizando. Quedan moi traseiros o galeguismo de lacón con grelos e mailo galeguismo de Xogos Frorás. Galicia xa sabe decir “Nós” sen tartariñar.

I eiquí é onde collemos de novo a enfaesta figura de Castelao, a máis sinificativa de toda a tradición galeguista.

Tamén Castelao cultiva todos os xéneros literarios da prosa. O conto, a novela, o ensaio, a crónica, o teatro, a conferencia i o discuso político. Outra qui é pintor ó par que escritor. E pra ser cabal galego típico, tamén foi emigrante, inque sendo neno. Engadiremos que estudiou a médico en Santiago. Un bon reportorio biográfico de galegitude esterna.

Nado na vila mariñeira de Rianxo o ano 1886, o seu primeiro xeito de expresión artística foi o dibuxo. Todo suficiente, pois de Castelao ten que se considerar o dibuxante i o pintor. E tamén o humorista i o galeguista, ondia o escritor, o dibuxante e mailo humorista.

As catro aitudes i aitudes secundándose mutuamente unhas ás outras. Mais cando acada Castelao a máis alta categoría como dibuxante é cando se fai un dibuxante humorista galeguista; cando pon o seu lápiz ó servicio dos ideás galegos. Cando o fai colaborar ca súa pruma. No album *Nós*, en *Cousas* ou en *Cincoenta Homes por dez réas*. Tamén o é cando ilustra os seus propios libros.

A gran interpretación estética de Castelao é a do pobo galego. Non sería desaxerado afirmar que o seu arte galeguizou en gran medida a pintura galega. Díulle a ésta tipos galegos ás cheas. Caciques, cregos, picariños, mariñeiros, etc. En moitos pintores e dibuxantes galegos descóbrense as pegadas do arte de Castelao. Os seus dibuxos humorísticos lograron formar escola. Co seu lápiz descubriu a realidade galega tanto como ca súa pruma. I a grande realidade galega é pra il cuase sempre o pobo galego. O pobo foi sempre a súa grande teima, a súa primeira preocupación. A nota da paisaxe non é moi abundosa nin moi teimuda en Castelao. O pobo i os seus tipos. Ten a zunia do pobo metida sempre na moleira. Mariñeiros, labregos, caciques, cregos, tolos. Toda a súa obra reverte de pobo, o que se dí “Castelao, ou pobo galego”. Un pobo campeño e vilego; con gados, cás, burros e gatos, que tamén son do pobo. Do pobo colle os seus tipos i ó pobo llos volve, despois de pasar polo seu corazón. Esta querencia do pobo é unha das claves da súa obra. Que o autor de *Nós* é un gran humorista galego é unha afirmación ademitida por todos. ¿Mais eisiste un humorismo propiamente galego? A mellor proba de que eisiste é precisamente a obra de Castelao. Porque o artista fai falar os ses monifates como sabemos que poderían falar os moitos humoristas galegos “naturás” que sabemos que viven espallados pola nosa terra. O gran valor do humorismo de Castelao é o de ser un humorismo cuasamente anónimo, inda sabendo qui é tan seu. Iste humorismo tan seu e tan noso qui é de calquera e non é de ninguén, deiquí e de alí, de algures e de ningures.

Eu non sei si dixen ben ou dixen mal, mais sempre teiméi de decir que o humorismo galego máis propio é iste humorismo que vai moito máis alá da pura gracia intelectual, onde sempre hai un sorriso que atafana unha bágoa, un laio ou un salaio. Un humorismo sentimental, onde o corazón dí a última palabra. En Galicia, terra con sona de grandes humoristas, Castelao é o que dá ista nota limpa i agarimosa. Con gracia do corazón. Con fondura.


Por eso os seus contos son tan craros e sinxelos. Contos pre os contare calquera a calquera. Tan populares e tan humorísticos. Os de *Cousas*, que son contiños ilustrados dunha sola cousa. Os de *Retrincos*, que pouco máis son que unha *cousa* das súas. Contos pre contare calquer a calquer, co galego –cuaseamente– de todos os días.

Por eso é tamén *Os dous de sempre* unha novela qui é como un conto longo, moi sinxelo de técnica. Non podería ser de outro xeito indo dirixido ó pobo. O pobo mesmo é o gran destinatario da obra de Castelao, arte e literatura. Diremos que tamén é o seu gran persoaxe humán.

Ricardo Carballo Calero no seu admirabre estudio crítico sobre Castelao, incruído na súa tesis doutoral, *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* dí que as “cousas” son a meirande creación literaria e artística do autor de *Retrincos*. Penso que moitos señan de conformidade con iste xuicio. Eiquí é onde o lápiz e a pruma do noso gran humorista colaboran máis achegadamente, máis íntimamente, máis ventureiramente. Son “cousas” vistas i oídas ó mesmo tempo; o dibuxo candia a glosa. Son contiños premidos ou condensados arredor dunha figura. E ista mesma figura é a que suxire o conto. Tamén é onde o humorismo de Castelao se fai máis seu. Máis gracioso, sutil, trascendente e... popular. Abondaría somentes iste libro pra lle dar ó seu autor sona de gran humorista. Pre min, é case un breviario do humorismo galego. Un libro xa “crásico” da nosa literatura.

E precisamente un crásico da literatura galega foi chamado Castelao por galegos i estranos. Coinciden niste criterio o portugués Machado da Rosa, o leonés Manuel Rabanal i o galego Ramón Piñeiro.

Según iste escritor “Na súa obra resulta tan fundamental a enxebreza do contido como a perfeición da forma. Froito dun pousado madurecer interno e tamén, sin duda, dun prolongado traballo de polimento esterno, chega a un asiado e maravilloso equilibrio entre o contido e maila forza espresiva. Nil non hai nada improvisado, inacabado, inmaturo. Nada sobra nin falta. Todo está no seu punto. Ah!, pero todo con unha dimensión de profundidade, de tépeda fondura humá que vai envolvendo a prosa nun misterioso recendo poético”.



Mais pre min Castelao é sobre todo un crásico pola ecuación establecida entre a obra e Galicia. Monumental e documental. Pola súa raiolante verdade. Ninguén puxou por riba dil en dar evidencia do pobo galego. Nin tan siquer chegou ó seu ras. É crásico “por posteridade”. Por iso as novas promociós literarias estarán decote co il, que lles legou o máis fermoso e veraz testemuño da fala galega. Débenlle un gran libro sobre a súa vida e sobre a súa obra.

No ano que ven cumprírase o sigro da publicación de *Cantares Gallegos*, da inmortal Rosalía. Data ben indicada pra celebrar tamén o centenario do Rexurdimento da literatura galega. Levamos xa, pouco máis ou menos, cen anos de galeguismo. Ó chegar eiquí forcia é tamén postular a publicación de unha “Historia do Galeguismo”. Ista tradición ou movemento é xa secular.

¿Sigue a medrar ou desmedróu o galeguismo, alá como estaba vai pra trinta anos?

Eu diría que se reanudóu brillantemente ista groriosa tradición nistes derradeiros anos. Medrar, medróu... Falo –ben craro está– do galeguismo cultural. E pode pasar por data siñificativa a de iste ano, a da publicación do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* do chorado académico D. Eladio Rodríguez González.

Nistes anos apareceron novos e interesantísimos poetas galegos... Como o son Luis Pimentel, como poeta en galego, Eugenio Novoneyra, Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, etc., etc.

Cultívanse máis ampriamente que nunca todolos xéneros literarios. Arrequéntase hastra un grado insospeitado a narrativa galega. O éisito das novas obras de Alvaro Cunqueiro son o máis craro sinal do que decimos. Do alto valor do novo ensaísmo galego ninguén dubida. Carballo Calero, Rof Carballo, García-Sabell, Fernández del Riego, Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro son tan bós ensaístas como valiosos escritores. Todos iles poñen un vivo tono de europeísmo no pensamento galego.

Cada ano é máis abundosa a publicación de monografías históricas, artísticas ou literarias. Na nosa terra e na chamada Galicia ultramarina publicanse moitos máis libros en galego ou sobre temas galegos que fai trinta anos. Cuaseamente se triplicaría o número de lectores de libros en galego. Tamén na Prensa as referencias ós temas galegos teñen –polo menos– máis valume que antano.

A concencia de Galicia é máis viva i esperta que nunca for. Os “nós” de antes xa non son tan poucos hoxe. Inzóu o ideal da galeguidade. O futuro turra por

nós, e ímonos decindo, un á orella do outro, que hai moito que faguer. Temos esperanza na Galicia do porvir e tamén na nosa tarefa. Inque ista seña varia, difusa, e non ben determinada. Unha laboura de moitos e pra moitos. Pra o pobo galego vindeiro.

Mais ben sabemos por onde empezar. A laboura dos inmediatos días xa ten un craro desenrolo na mellor inteletualidade galega. A gran tradición do galeguismo cultural está hoxe en prena forma. Cunde, rinde. Pode servir de demostración, rematada iste ano, do primeiro Dicionario enciclopédico da fala galega, editado por Galaxia.

Dígame o que se queira e por quenes queiran, se no porvir falarase dunha cultura galega, ista verase que xermolou e medrou arredor da nosa língoa. Sen fala propia, cáseque non somos nada. Restaura-lo galego, arrequeentalo e vivificalo foi a gloriosa fazaña de Galicia no derradeiro sigro. Díxose algunhas veces, por ben autorizadas voces, que a nosa fala era a nosa primeira obra de arte. A máis fermosa e tamén a máis intresante. Engadamos á fala a nosa literatura. Ninguén poderá xa dubidare da rexa persoalidade do pobo galego. Engadamos agora de que o cultivo da fala é tamén o meirande estímulo pró desenrolo dunha futura cultura galega. Somentes falando galego nos sentimos “nós” de todo. É a máis firme garantía de que os esforzos do pobo galego na procura do seu melloramento económico e máis espritoal han de reverter sobor dil mesmo. Falando en galego sempre nos entenderemos mellor. Entenderémonos o par que nos sentimos, qui é a mellor maneira de entendernos, en irmandade polos nosos máis fondos ideás.

A loita pola fala é tanto cousa de fora coma de dentro. De unha banda, recramar o dereito ó seu uso, de outra, traballando todos por melloralo culturalmente. E se non tivéramos o uso pre seguir adiante por iste vieiro, pensemos en que Galicia lle dúo ó mundo culto unha nova literatura. Velahí a nosa importancia, nin máis nin menos.

Fai pouco que saúo do prelo a primeira gran *Historia da Literatura Galega* en galego. A do ilustre escritor Carballo Calero, que con tanto alento e rendimento cultiva cuase todolos xéneros literarios. Outra insiñe data na nosa tradición cultural.

Mais a aparición de ista Historia monumental da Literatura Galega deberá ser seguida, en curto tempo, da publicación da primeira Gramática Galega en galego. É tempo que alguén da miña ou dunha seguinte promoción se poña a escribila. Tamén ista data sería gloriosa. Outro gran libro que recramo dos escritores dos nosos anos.

A cousa non é doada, mais sí ben faceadeira, si temos en conta o alto nivel de preparación dos novos cultivadores do galego. Cecáis ista obra deba ser precedida de unha monografía colexiva sobre o idioma galego. O que se estrema a ela terá –seguro, seguro– o máis agarimoso reconecemento das novas xeneracións galegas. Despois xa será máis doado chegar a un Dicionario etimolóxico e a unha Gramática histórica. O gran estudo do galego, racional e científico, empeza agora nos nosos días. Pro o máis notábel da nosa literatura nestes anos é a incorporación a cachón ou a ametencia do galego popular no galego literario. Empézase a escribir no galego total de moi diferentes terras galegas. A moso na literatura o total galego de Galicia. Rexistro un feito decisivo pró porvir das nosas letras. O galego botouse a camiñar por totalas terras galegas. Os “Galegos” están a faguerse o “Galego”.

E pra rematar esta sinxela esposición hei de decire que a nosa fe no porvir da nosa cultura ha de sere viva i aituante de intre en intre, espranzada i encheita de amor pola terra. Que poidamos decire “Velahí a nosa fe: a nosa laboura”.

Resposta do excelentísimo señor don  
**Sebastián Martínez-Risco Macías**







## Señores académicos:

Grande proveito recibe a Real Academia Gallega por contar dende hoxe coma seu membro numerario activo ó xurdio escritor, recollido oficiante do culto ós valores espritoaes de Galiza, don Anxel Fole Sánchez; e grande honra é pra min o ter sido deseñado pola Corporación pra darlle a benvida e abri-lle de par en par as portas do noso fogar académico. Proveito e honra que teñen unha orixe común: a seiva da entrañable condición humán e dos notabres servizos feitos á creación literaria e á cultura galegas por Anxel Fole –e permití-deme que arree o *dóminus* pra tratar a quen conta con señorío dabondo no seu limpo nome–, seiva que si xa rendeu os froitos madurecidos da obra saída da súa pruma, ha producir de agora en adiante outros máis, atal sazoados e celmosos, pra ben do país e prestixio da súa Real Academia, que hoxe acólleo, con orgu-leza, no seu seo.

A condición humán e o seu labor literario teñen, amos a dous, fondura, au-tenticidade e valor dabondo pra comprendermos por qué a persoa de Anxel Fole ten abranguido *persoalidade*. Dunha e doutro –da súa condición humán e de seu labor literario– quero darvos eiquí noticia, inanque pra moitos de vós sexan sobexamente coñecidos.

No comedio da primeira década do século que andamos, nasce Ánxel Fole en Lugo, no seo dunha familia vencellada pola súa aboenza á fidalguía do país, cousa da que endexamáis íl se gabou porque son a sinxeleza cordial, de seu e no trato, e os conqwerimentos da intelixencia os brasóns que íl prefire.

Así, no vello *Lucus Augusti*, decorre súa infancia, alí medra, cursa os estu-dos de bachiler e, sobor de todo, recibe a leición vidal que lle dan a gravidade silendeira e a paz fonda e recollida da cidade murada, leición que cecáis teña infruido na formación do seu carácter e no rumbo esencial da súa vida.

De moi xóven, prende nil unha vocación literaria ben logo aberta e decidida, e que había sere o camiño real da súa acción. Eran os tempos dos estudos uni-versitarios de Dereito en Compostela, nos que tamén serven de aula as tertulias

do Café. Nilas Ánxel Fole lé máis que fala. Manan entón nas terras hispánicas as augas literarias da xeración do noventaioito, e Fole mergulla súa atención nas páxinas de Valle-Inclán e Miró.

Mais Fole é home do seu tempo. Por selo, seus gostos e seus degoros estéticos camiñan a par dos anos, non se deteñen no relanzo dunha época, unha tendencia ou unha escola literaria. Sabe que, coma dixo Gómez de la Serna con metafórico humorismo, cada xeración é desinfectante da que lle precede e infecciosa prá que lle segue. E mozo aínda, mantén estreita amizade con Federico García Lorca e co propio Ramón Gómez de la Serna; dirixe *Yunque* e colabora en *Guión*, revistas amas a dúas que saían en Lugo.

E chega o tempo da maturidade. Seréanse nil as inquedanzas da mocedad; vai pasando pra íl a época de andar e ver. No seu esprito afondan a paisaxe e o sentimento –amor, ledicias, tristuras– da terra nai. O mozo é xa home, afeito á gravedume da vida. O seu xesto ennubéase, faise profunda e firente a lus dos seus ollos, que fitan coma pra recoller e desenvolveren recreado o mundo arredor. Envólvese en silenzos fecundos, cheos das voces inaudibles do xermolar do pensamento, que dan a súa espresión ise ár persoalísimo de serenidade meditativa, de filosófica taciturnidade. Se queredes xusgar da semellanza distes riscos anímicos coa persoa orixinal, recordade cóma o mesmo Fole definíase fai un intre, no comén do seu discurso: “Eu son un home –díxonos– recoleito, dado á lectura, á meditación i ó oficio de escribir”.

É xa o escritor –de quen noso esgrevio e inesquecido Maside dibuxóu o ano cincuenta e catro un retrato que é coma unha radiografía do esprito–; é xa o escritor, que anda a zugar na campía e nos homes a esencia da vida galega –“os ditos dos larizáns, os silenzos, as córes do campo, os probes, os ricos, as paseatas”, asegún frase de García Sabell–, pra dárnola envolta nunha prosa chea de autenticidade i enxebriemento, que ha contribuir a dinificar e revitalizar a língua galega, cortiza e celme da ialma do noso pobo.

Ise servizo literario do novo académico non somentes acadá espresión exemprar na súa obra, senón que abrangue categoría de teimosa preocupación noutro carís do seu labor, tanxencial a aquéla. Coma bó labrego dos eidos da creación literaria, Anxel Fole pensa que denantes de poñerse a facel-a decrúa, debe afixarse a ferramenta do idioma.

No traballo “A loita pol-a língoa”, publicado na revista de Bós Aires *Galicia Emigrante* o ano de mil novecentos cincuenta e seis, propónse dar “unhos cantos consellos mesturados con ouservaciós ós novos escritores galegos”. E

deitando un deles, cecáis o máis esencial, di: “Escribamos como se fale; pouco máis o menos”.

Nise “pouco mais ou menos”, coma medida de relativa licencia ou, millor, de permisiva infidelidade ó *sermo* popular, pon Fole a estrema do arbitrio do escritor galego, arbitrio do que íl usou parcamente, pra arrequentar e dinificar a nosa lingoa, atal e coma o fixeran Castelao, Vicente Risco e, aínda que coa soltura i elevación permitida pola lingoaxe poética, o mesmo Ramón Cabanillas. E aducindo as razóns do seu consello, prosegue Fole:

O galego literario vaise arredando perigosamente do galego falado. Cada vez é máis requintado, rixo e formulario. Unha trasfega de libro a libro... Voltemos á fala do pobo.

Conscente daquíl perigo, fai ista afirmación, que val por un berro de alarma:

Somentes a literatura pode salvar-a nosa lingoa... Escribamos, deica onde poidamos, nun galego de todos pra todos.

A devandita afirmación –“somentes a literatura pode salvar-a nosa língoa”– atopa máis longo alcance no seu discurso académico de hoxe: *somentes a língoa salvará a nosa cultura*, ven a decir cando, propugnando a restauración do galego sostén que “o cultivo da fala é tamén o meirande estímulo pró desenrolo dunha futura cultura galega”. Ven a formular, dise xeito, Anxel Fole a ecuación *literatura-língoa-cultura*, que si ten valencia xeral, tena tamén pra definir e situar os propósitos i a obra do escritor lugués.

Ten valencia xeral e absoluta, padricada xa por algún escritor –Vicente Risco, no traballo “O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura”–, que fixando coma punto central da polémica galeguista o tema do idioma, chega a sinalar o seu cultivo como a reación salvadora que quer espertar a Galiza a unha nova vida; por onde ven a engadir aínda un derradeiro termo, *presenza vidal de Galiza*, á devandita ecuación. Sostén o polígrafo ourensán que “...somentes con língoa de seu pode [un pobo] ter cultura de seu, e somentes con cultura de seu pode facer figura no mundo, pois os pobos de cultura emprestada, nin xiquera pertencen á historia”.

A tesis mantida por Fole, do infruxo encadeado da literatura na língoa e da língoa na cultura, ten, asemade, valor pra calettrar, como deixo dito, na súa obra literaria. Porque cando así fala e aconsella, non fai un mero xesto pragmático, senón que confesa unha verdade persoal por íl recibida e practicada,

froito dunha esperencia conquerida a traveso dunha convivencia efectiva coa nosa terra e coas súas xentes durante os oito anos que no mesmo traballo declarara que levou vivindo arreo na campía de Queiroga e do Incio, “sempre a facer furga na fala dos labregos, na fala petrucial, que pra min –di Fole– val tanto coma fala casteña ou crásica, por ser o dos petrucios o galego máis antergo, fermoso e puro”.

Isa declaración confirma unha actividade de atención devota á esencia vital do idioma galego, que nos axuda a profundar no estudo estilístico da súa produción literaria. E non somentes no estudo estilístico, mais tamén no zume dela: na temática, no ambiente e na psicoloxía dos seus persoaxes, vistos a traveso da súa afiada facultade de observación e coa mirada do seu espírito inxerida no xenio das terras onde morou tan longa tempada: as aspras e penedías do alteiro Caurel, o morno e froitoso val queirogués, o val do Incio, fragoso e ricaz.

Eu imaxino a Fole adicado a escoitar os falares dos asisados labregos, seguindo con ciosa atención o voo das verbas enxebres, cheas de córes e brilos, apreixándoas pra craválas na súa memoria coma fuxidías volvoretas, coa gozosa ilusión do coleccionista. Mais, por sorte prá literatura do noso país, o esgrevio escritor lugués non se reduxo a conservalas, senón que as fixo revivir e revoar nas páxinas da súa obra.

Polo tempo da súa estada na campía de Queiroga e do Incio, ó que alude no devandito traballo, o ano de mil novecentos cincoenta e dous, urdíu e deu ó prelo o fermoso brazado de contos, modelo de boa fala e de zumoso inxenio, tiduado *Á lus do candil*. Libro alumeado na terra de Caurel, “aspra e forte, de inxente beleza...; terra de lobos e águias; terra outa de fragas e devesas”, está escrito, coma se declara no seu proemio, no xeito de falar da mesma bisbarra, “nun galego que non se pode confundir co galego das comarcas veciñas, por tér moitas verbas e xeitos propios”; e nil, xunto ás narracións de arrepío figura algunha, coma “O documento”, na que espellea a realidade labrega con lampos de fino humorismo que agroma no desenlace.

Tres anos despois, cando moraba aínda nas terras de Queiroga, publica outro libro de contos, *Terra Brava*, no que a fidelidade ó galego vivo chega a tan ergueito grado de enxebreza, que veu a ser empregado coma texto de estudo nos Seminarios de Utrecht e Bonn, e citado polo profesor Rodrigues Lapa no seu traballo *Estilística portuguesa*.

O cultivo da narración ten en Fole máis antigo exercicio, pois xa polos anos vinte, na revista *Nós*, tiña publicado os contos tiduados “Eu i o meu corazón” e “Treboada na penedía”.

Abondaría o mérito das obras mencionadas pra consagrar a mestría de Fole no campo da literatura narrativa, incluílo na nómina dos grandes escritores galegos e chamálo a ocupar o sillón que nesta Academia con tánta xustiza lle foi destinado; pero outras máis do mesmo xénero literario, madurescentes ou xa maduras na súa minerva, virán a arrequeñalas, coma isas *Tres Novelas do Sil*, listas pra vel-a lús asegún grata nova que por alguén –que non é o mesmo Fole– ten chegado a nós.

E non se reduxo deica agora súa tarefa de escritor á produción narrativa. Cultivou tamén o teatro, xénero ó que deu o conto escénico *Pauto do demo*, publicado en Bós Aires o ano de mil novecentos cincoenta e oito, peza na que mantén a mesma liña de respecto ó xenio i á fala da Galiza labrega; escribiu ensaios e crónicas literarias insertos en publicacións coma *Cuadernos Grial* e *Vida Gallega*, de Vigo; *Galicia* e *Galicia Emigrante*, de Bós Aires; *Vieiros*, de México, e *Seara Nova*, de Lisboa; e colabora na Prensa diaria rexional co pseudónimo de *Neumandro*, recollendo temas e aventando problemas de capital intrínseco pra noso mundo cultural. Non debo calar neste punto, polo que ten de exemplar e de confirmador da súa teimosía na defensa da nosa fala, a iniciativa que espuxo no xornal lugués *El Progreso*, ben antes de ser nomeado académico numerario, sobor da necesidade de celebrar un congreso do idioma galego, deferindo a súa organización a ista Academia; iniciativa que foi aceptada por acramación na sesión ordinaria do día trece do mes de Santos do ano mil novecentos sesenta, mereceu lle fosen espresados os prácemes da asamblea, e pende de estudo o praneamento na Corporación.

A pruma do noso novo colega, coma resulta do dito, coída de apadriñar e practicar un enxebrismo idiomático que permite definilo no terreo da estilística coma un crásico da nosa literatura; pois os nosos precursores, emprincipiando por Rosalía –atinadamente aludida por Fole nise senso no seu discurso, rubricando a alusión con un certo parecer de Ramón Piñeiro–, escribiron coa sinxeleza i a naturalidade da fala das xentes, non nun galego probe, mais cheo de autenticidade, con un respecto á fonética que cecáis esprique a proliza notación ortográfica; respecto ó falar do pobo que se ten interpretado, ó meu xuicio erradamente, coma balbuceio dun idioma no berce –ainda sendo ben certo que na súa forma escrita saía dun longo sono/sino?–, cando ten aquela espriación doada do anxeio de achegarse e afacerse á espriación oral do pobo, enxamáis esmorecida.

Cecáis estea eiquí un dos segredos da outa calidade da obra literaria de Anxel Fole: no coidado e atención á máquina lingüística, non somentes como

instrumento ou medio formal de creación literaria, senón coma esencia ou cerne, coma equilibrio de valores entre o fondo e a forma, entre o pensamento e seu vehículo expresivo. Un e outro levan na súa obra un signo racial, unha impronta de amor esencial e de fidelidade do escritor á terra da súa nacemento. Fidelidade ambivalente, pois ven a exercitala no dobre senso de amar a Galiza e de ofrecérsela pura e verdadeira nas súas creacións literarias. Si as palabras son, pra noso sentir, notas da lira da alma, no escritor, Anxel Fole a frase é música expresiva do espírito do pobo: do vivir da terra e das xentes arraigañas nela, mais das xentes entre as que o propio escritor figura e anda a traducir seu mesmo espírito. Entre o mundo galego e o mundo anímico de Anxel Fole non hai superposición de planos: o escritor non está enriba senón intimado na terra, non vive e pensa afora dela senón que anda mergullado nela. Por eso, sen dúbida, elixiu coma tema do seu discurso de ingreso nista Academia – que procura e coída sere institución representativa do espírito de Galiza –, *Castelao e a tradición galeguista*.

\* \* \*

Peza de fonda significación cordial e de preciso valor histórico pra contemplar dende un anco de esencial intrínseco o desenrolo cultural do noso país, non vou a demorarme no seu merecido louvor, nin en marcar acertos de contido e beleza de forma que sobexamente tedes captado no intre mesmo en que ouvíchedes a súa lectura. Mais non quero deixar de sobrancear algunhos dos puntos deste primeiro traballo académico de Fole, que coído deben sere postos en relevo.

Xusto e afervorado é o louvor que no comén fai do seu antecesor no sillón corporativo, don Manuel Casás Fernández, devanceiro meu no posto presidencial e de quen veño a ser agora a maneira de albacea, pois estou a faguer entrega a Fole de seu herdo académico. Da vida e traballos de don Manuel Casás recolle seu sucesor os méritos cardinaes: a preferencia que amosou nas súas numerosas publicacións polos temas rexionais, e a firmidade e tino da súa man pra gobernar e levar a bon porto, bolinando e sorteando baixíos, ista nao académica; méritos que veñen a conxugarse nun soio, que Fole remata por sinalar: o de haberse posto coas súas obras ó par dos que loitan e agardan por unha Galiza real e ideal. Ten de sernos a todos nós grato e conmovedor que a figura de don Manuel Casás asome niste lecer súa traza esgrevia, rexa e cordial.

O cadro temático ofrécenos un fondo tinguido das rosadas córes da fe nunha Galiza ensoñada; fe mantida de amor e de esperanza. O exercicio dise amor fixo nacer na ialma de Fole un rexo sentimento de galeguidade. Mais a galeguidade non é outra cousa que iso: un inxel sentimento de devoción agarimosa á terra galega, xeralmente individual e pasivo; namentras que Fole, partindo dise mero sentimento, arrequentado e fondo, afroa a isa actitude positiva, de pensamento colectivo e actuante nos eidos culturaes de Galiza, que é o galeguismo. Dise xeito veu a profesar Anxel Fole no galeguismo, de cuia tradición nos fala no seu discurso, e que ven a ser como a dinámica da galeguidade ou, si se quer, a galeguidade en acción, ó que noso novo compañeiro atribúelle no seu traballo a virtude de ter, non somentes revitalizado a nosa literatura, mais tamén “amprificado notabremente a concencia de Galicia” ó abranguer terreos culturaes de intrés científico e adquirir proieución europea.

E velehí por qué, dende a súa historia persoal Fole pasa a falarnos da historia dise pensamento colectivo rexional, do latexar de inquedanzas e de anxeios do fato de mozos e de escritores –Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cabanillas, Banet Fontenla, Peña Novo, os Villar Ponte– que nos anos vinte, xunguidos por ises mesmos sentimentos expresados con senso programático na palabra *nós*, recollendo a tradición cristaizada na gran laboura dos nosos precursores, arelaba emproar as naos dos seus corazóns deica as descubertas do porvir cultural de Galiza, levando coma bastimento o respecto e o culto ós valores da nosa paisaxe, da nosa língoa, dos nosos costumes e do noso arte, de noso ser tradicional, en suma; pois o galeguismo, asegún nos dí Fole, “era unha tradición con futuridade”.

Composto o fondo do cadro, deténse seu autor en pintar o persoaxe central: “a enfesta figura de Castelao”, coma íl di. Insértao na tradición galeguista coma un dos seus adálides, e decrara o infruxo que exerceu na súa propia obra: “Decateime entón –confésanos Fole, aludindo á primeira vez que o sentira falar– de que a miña comprensión de Galicia sería sempre moi achegada ás súas *Cousas*. Nunca esquecín a impresión dos meus primeiros contaitos ca súa rexa personalidade”. E máis adiante engade: “E xa non puíden adepartar da miña imaxe de Castelao o dibuxante do escritor, nin o escritor do orador ou parlicador”.

Isa estreita compenetración co xenio do pensador de Rianxo esprica a visión certa que ó tratar dil no seu discurso amostra Fole ter da intimidade espritoal e da acción galeguista de Castelao, a fidelidade con que nos fala da súa *ética* e da súa *estética*, sempre misturadas na súa obra; porque si o humorismo de



Castelao maniféstase, asegún atinadamente sostén Fole, coma unha “gracia do corazón”, coma unha efusión de bondade, foi tamén un arma de defensa e de soerguemento do pobo galego, “o gran destinatario da obra de Castelao”, coma ouserva xustamente Fole; e si amou tenramente a Galiza coma profeso na galeguidade, entregóuse asemade ardidamente a revelar nunha obra “monumental e documental” a súa verdade, a “dar evidencia do pobo galego”, a acusar a súa presenza e reclamar os seus dereitos, coma oficiante de galeguismo. I é que, asegún temos dito modestamente, a obra de Castelao defróntanos con unha estética *trascendente*. O propio Fole ten ouservado noutro lugar (“Relembro”, en revista *A Nosa Terra*, núm. 474) que “un mesmo esprito da máis nidia galeguidade abranguía toda a súa obra: contos, dibuxos, discursos e “ cousas”...” Por eso é acertado e xusto que Fole decidise avencellar ó tema da súa primeira leición académica o nome de quen fixo da súa vida exempro e leición.

E resta por decir que, non contento con facer *historia do pasado*, Anxel Fole ofrécenos no seu traballo a ponderación e medida actual do galeguismo cultural, en termos de xustificado outimismo, e xusga do seu labor futuro abrindo o ánimo á máis certa esperanza.

Encerra, dito sexa por cabo, o discurso do novo académico unha multipricidade de valores: o valor dunha confesión da intimidade da súa formación galeguista; o intrés dun acta de constancia dun dos fenómenos máis transcendentales do movemento cultural de Galiza, e a sinificación dun nobre acto de lealdade cara a quen espertou e alentou a súa vocación de escritor namorado da terra. E todo íl, liña a liña, ofrécenos tinguído das dúas córes domiñantes no cadro ricaz do esprito de Anxel Fole: os talentos da súa intelixencia e a nobreza do seu corazón.

Constituíe, pois, o traballo cuia lectura rematamos de ouvir, peza de notable contribución á historia interna i esterna do galeguismo. A voz do noso novo compañeiro resoa, no intre mesmo en que pon o pé na soleira do noso pazo corporativo, con emoción e con oportunidade: coa emoción do profeso na fe dos destiños da nosa terra, e coa oportunidade de encetar seu labor académico cumprindo o capital deber institucional de contribuir ó coñecimento de Galiza, ofrecéndonos no seu intresante estudo unha faceta esencial da historia da súa cultura.

\* \* \*

Con aledanza filla da miña particular estima e admiración cara Anxel Fole, no nome da Real Academia Gallega, exprésolle afervoados parabéns polo ingreso no seu seo, e dou eiquí fe e testemoio da seguranza de todos os compañeiros de que, téndoo de hoxe en adiante cabo de nós, ha prestar unha axuda anceiosa ás tarefas que ocupan arestora a noso Instituto, e ás moitas e trascendentes que o porvir lle reserva, e de que, dise xeito, contribuirá ó prestixio do noso organismo corporativo, que é xa o seu, e, sobor de todo, á vizosidade e soergemento espritoal da terra de Galiza, nosa nai.

Dixen



## Índice

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON ÁNCEL FOLE SÁNCHEZ	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO MACÍAS	23



**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

[secretaria@realacademiagalega.org](mailto:secretaria@realacademiagalega.org)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

